

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE DECEMBRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚM. 51 E NÚM. 52 DAS SESIÓNS DE 7 DE DECEMBRO DE 2017 E 11 DE DECEMBRO DE 2017.

Acordouse aprobar as actas da Xunta de Goberno Local núm. 51/2017 e núm. 52/2017 dos días 7 de decembro de 2017 e 11 de decembro de 2017.

2.- EXPEDIENTE 5777/2017. PROPOSTA DEVOLUCIÓN ICIO DUPLICADO (TESOURERÍA).

Acordouse a admisión e estimación dunha solicitude presentada de aprobación da devolución de ingresos indebidos por importe total de 1.755,36 euros abonados en concepto de depósito previo do Imposto sobre construcións, instalacións e obras por tratarse dun ingreso duplicado e polo tanto indebido.

3.- EXPEDIENTE 5819/2017.SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA Nº 02/2017.

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía número 02/2017 con carácter DEFINITIVO.

4.- EXPEDIENTE 5523/2017. SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA Nº 28/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 28/2017 con carácter provisional ata o 18/12/2018.

5.- EXPEDIENTE 5572/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de Axuda de Inclusión Social para sufragar os gastos causados por actuacións e vinculados ó itinerario de inserción para á persoa identificada.

6.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5847/2017. ACHEGA DO CONCELLO DE LALÍN Á MANCOMUNIDADE DE TERRAS DE DEZA.

Acordouse recoñecer a obriga por importe de 53.820 € a que ascende a achega do Concello de Lalín correspondente ao exercicio 2016, con cargo á aplicación 943.463.00.02 do Presuposto municipal vixente.

7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:

EXPEDIENTE 4374/2017. AIS CONCELLO .

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 200 € a aboar en efectivo.

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5765/2017 PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO).

Acordouse aprobar a solicitude en relación ao réxime de acceso aos rexistros públicos, previsto na lei de transparencia, e por razóns de índole comercial, solicita que lle comuniquen as direccións dos locais para os que se solicitaron licenza de obra ou comunicación previa nos meses de setembro, outubro e novembro de 2017 con destino a café-bar, cafetería, restaurante ou similares; solicitando dirección e número de orde dos citados.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5484/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA .

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acondicionamento de nave para mecanizado de metais, nunha nave situada no polígono industrial Lalín 2000, parcela 6-A – Lalín.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4815/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA .

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acometida directa na rúa 55, nº 13-Lalín.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1716/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reforma interior e acondicionamento exterior na rúa Rodo núm. 30-Lalín.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 155/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse LICENZA DE SEGREGACIÓN para cesión de terreo destinado a viario público, na rúa 72, nº 7-Lalín.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5138/2017. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Acordouse estimar a concorrencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín, e recoñecer o dereito a ser indemnizado na cantidade reclamada, que ascende a 266,20 € (IVE incluído), e sen prexuízo da recuperación de 116,20 € da Aseguradora do Concello.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5806/2017 CAMPAMENTO DEPORTIVO URBANO DE NADAL 2017.

Acordouse a concesión de prazas reservadas para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos/as 8 menores de idade que figuran no expediente remitido.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5625/2017. XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS.

Acordouse aprobar a proposta de xustificación de subvención a entidades sen animo de lucro para a prestación de servizos sociais.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5471/2017 CPA OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para realización de reformas nunha edificación existente na rúa Calzada núm. 45, 3ªA - Lalín.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3502/2017 SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao cuarto trimestre de 2017 (entre o 01/10/2017 e o 15/12/2017), por importe de 6.431,81 €, que se corresponde co 100 % do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4744/2017. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 14.997,95 € con destino ao contrato menor de subministro: Reposición de mobiliario no casco urbano de Lalín do Concello de Lalín.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 849/2017. OBRA PROPIAS REPOSICIÓN MURO LATERAL CAMPO DE FÚTBOL.

Acordouse proceder á aprobación certificación N°1-Final da obra “REPOSICIÓN DO MURO DE PECHE LATERAL DO CAMPO DE FÚTBOL”.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5827/2017. CPF FESTAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS consistente en sorteo presencial da Campaña “Nadal 2017” ás 21:30 horas (despois da recepción dos Reis Magos), o día 5 de xaneiro de 2018, na Praza de Vila.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5826/2017. CPF FESTAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS consistente en colocación dunha pequena carpa plegable manualmente (non automatizada), para que os clientes que así o desexen depositen rifas nunha urna para os sorteos de premios da Campaña “Nadal 2017” do CCA de Lalín (horario: 17.00 horas a 21.00 horas), os días 23 de decembro de 2017 e 5 de xaneiro de 2018, na Praza da Igrexa – Lalín.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5825/2017 LICF FESTAS SUXEITAS A LICENZA.

Acordouse outorgar LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE

ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS consistente na actuación da Orquestra La Fórmula e sorteo presencial da campaña de dinamización do comercio e hostalaría do CCA de Lalín “Nadal / 2017” (de 21.00 horas a 24.00 horas), o día 23 de decembro de 2017, no Campo da Feira Vello - Lalín.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5865. RELACIÓN FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas por importe de 106.968,62 €.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2545/2017. CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2017.

Acordouse Aprobar as contas xustificativas presentadas polos seguintes beneficiarios polos importes totais que se indican.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5885/2017. CONVENIO AULA CEMIT 2018.

Acordouse aceptar a subvención de 15.000 euros concedida ao Concello de Lalín para a renovación da Aula CeMIT.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5660/2017. XUSTIFICACION DE SUBVENCION A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A PRESTACION DE SERVIZOS SOCIAIS.

Acordouse admitir a documentación presentada para a realización da actividade PROF/TO 2017. e aprobar a conta xustificativa presentada

pola asociación e polos importes que se relacionan.

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4753/2017. CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCÍONS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS.

Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida en concepto de subvención destinada ao desenvolvemento do programa de atención a persoas con discapacidade coa finalidade de facilitar a integración social de este colectivo por importe de 10.132,89€.

28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5921/2017. PROPOSTA REALIZADA POLO GOBERNO LOCAL E EN NOME DA DIRECTIVA DA BANDA DE MUSICA DE VILATUXE, QUE O AUDITORIO DE VILATUXE MODIFIQUE O SEU NOME ACTUAL PARA PASAR A NOMEARSE COMO AUDITORIO JOSE FERNANDEZ "O XASTRE" DE VILATUXE.

Acordouse iniciar o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:00 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.

